MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

Borrar

SECRETARÍA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL E PENSIÓNS
SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL
INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

Rexistro do INSS

CERTIFICADO DE EMPRESA DO SISTEMA ESPECIAL DE TRABALLADORES POR CONTA ALLEA AGRARIOS DO RÉXIME XERAL, PARA A SOLICITUDE DE INCAPACIDADE TEMPORAL

Pode solicitar este trámite a través da Sede Electrónica da Seguridade Social (***https://sede.seg-social.gob.es***), tanto con certificado dixital como con Cl@ve permanente. Se non dispón de ningún sistema de identificación electrónica, poderá realizar o trámite en ***https://run.gob.es/tramites*** ou presentar un exemplar asinado por correo ordinario ou nun centro de atención e información da Seguridade Social solicitando cita previa nos teléfonos 901 10 65 70 / 91 541 25 30 ou en ***https://run.gob.es/trdcita***

D/Dª ..... con DNI - NIE - pasaporte .....
que desempeña na empresa o cargo de .....

CERTIFICA que son certos os datos relativos á empresa, así como os persoais, profesionais e de cotización, que a continuación se consignan:

1. DATOS DA EMPRESA

Nome ou razón social						Código de conta de cotización
Domicilio habitual (rúa, praza …)	Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta	Código postal
Localidade	Provincia					Teléfono

2. DATOS DO/A TRABALLADOR/A

Apelidos e nome	Nº da Seguridade Social	DNI - NIE - Pasaporte

DATOS LABORAIS

Profesión e categoría	Grupo de cotización	Data de alta na empresa	Data de baixa, real ou prevista na empresa (1)

Data do último día de traballo, previo á extinción ou suspensión do contrato	Tipo de contrato (2)	Causa da extinción ou suspensión do contrato (3)

¿Ten días de vacacións anuais retribuídas e non gozadas? (4) SI ☐ NON ☐ Número de días ..... desde ..... ata .....

DATOS DA INCAPACIDADE TEMPORAL: data de baixa médica .....

BASES DE COTIZACIÓN DOS MESES ANTERIORES Ó DA BAIXA MÉDICA: (5) ou, no seu defecto, do mesmo mes

Ano	Mes(6)	Número de días cotizados (7)	Base de contingencias comúns	Base de contingencias profesionais (8)	Horas extras
Por vacacións anuais retribuídas e non gozadas antes da data de cese na empresa (9)					

Observacións (10)

Traballador con:

- Contrato indefinido ☐
- Contrato de duración determinada ☐
- Cotización mensual ☐
- Cotización por xornadas reais ☐
- Data do último día de traballo .....
- Número de xornadas reais traballadas no último mes de traballo .....

..... a ..... de ..... de 20.....
Sinatura e selo

20180112
C-075 (gall)

INFORMACIÓN PARA O SOLICITANTE

En caso de existir pluriemprego deberase presentar un certificado de empresa por cada relación laboral.

INSTRUCCIÓN DE CUMPLIMENTACIÓN PARA A EMPRESA

(1) Para traballadores con contrato de duración determinada completarase coa data prevista de finalización do contrato en vigor.

(2) Indicar se o tipo de contrato é indefinido, por obra, eventual, temporal, fixo-discontinuo, administrativo, etc.

(3) Por extinción do contrato durante o período de proba, finalización do contrato, a instancia do empresario (despedimento procedente, improcedente ou causa obxectiva), expediente de regulación de emprego, etc.

No suposto de finalización dun contrato temporal farase constar o motivo polo que non se prorrogou (por vontade do empresario ou por vontade do traballador).

Se o cese foi nun contrato de interinidade reflectirase se se debeu á incorporación do/a traballador/a cuxo posto se estaba ocupando, ou por outro motivo.

(4) Faranse constar, no seu caso, o período que corresponde ás vacacións anuais retribuídas que non fosen gozadas con anterioridade á finalización da relación laboral, de acordo co disposto no artigo 268.3 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro (BOE do día 31).

A cotización das vacacións non gozadas será obxecto de liquidación complementaria á do mes da extinción do contrato, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Orde TAS/118/2003, de 31 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.

(5) Neste parágrafo débense completar as bases de cotización seguintes:

1. Cando exista data prevista de extinción da relación laboral, ata 6 meses naturais completos anteriores á da baixa médica.

   Neste suposto, se a extinción da relación laboral se vai producir no medio dun mes, indicarase o número de días exactos ata a data de dita extinción, correspondentes a ese mes e engadiranse os necesarios, mes a mes, ata completar un total de 180 días.

2. Cando non exista data prevista de extinción da relación laboral, as correspondentes ó mes anterior á da data da baixa médica, ou no seu caso do mesmo mes.

(6) Indicar o mes correspondente

(7) Indicar o número de días cotizados ou de xornadas reais realizadas no mes. Se teñen que completarse as bases de cotización correspondentes ó mes de baixa médica, para dito mes consignaranse as xornadas reais realizadas (ou no seu caso os días traballados) e os previstos por realizar ata fin de mes.

(8) Excluiranse das bases de cotización as correspondentes ás horas extraordinarias.

(9) Se non hai vacacións anuais retribuídas e non gozadas antes do cese, ou corresponden aunha relación laboral inferior a 12 días, farase constar cero. Se hai, en todo caso, redondearanse ó enteiro superior.

(10) Indicar calquera outra circunstancia especial referida á cotización (folga, suspensión por sanción sen emprego e soldo, etc.). No caso de non dispor de espazo suficiente, pode achegar unha folla aclaratoria.

20180112
C-075 (gall)